

Organismo: DIRECCIÓN XERAL DE CENTROS E RECURSOS HUMANOS

Capítulo:

Epígrafe:

(Para cubrir no "Diario Oficial de Galicia")

SUMARIO:

ANTEPROXECTO DE ORDE do de xuño de 2015 pola que se ditan normas para a adxudicación de destino provisional para o curso académico 2015-2016, entre o persoal docente pertencente aos corpos de catedráticos e profesores de ensino secundario, profesores técnicos de formación profesional, catedráticos e profesores de escolas oficiais de idiomas, profesores de música e artes escénicas, catedráticos e profesores e mestres de taller de artes plásticas e deseño, que non teñan destino definitivo na Comunidade Autónoma de Galicia, aos que resultan desprazados por falta de horario, ao persoal a que se lle conceda unha comisión de servizos por concelleira ou concelleiro, por motivos de saúde ou por conciliación familiar, ao persoal interino e substituto e ao persoal funcionario de carreira que solicite o reingreso no servizo activo.

TEXTO:

Coa finalidade de adxudicar destino provisional para o curso académico 2015-2016 ao profesorado sen destino definitivo dos corpos citados, convócase este concurso de acordo coas seguintes bases:

Primeira. *Obxecto.*

Convócase o concurso, de acordo coas especificacións que se citan nesta orde, para a provisión das necesidades de profesorado para o curso 2015-2016, nos centros que se relacionan nos anexos I, II, III e IV, entre o profesorado sen destino definitivo dos corpos de catedráticos e profesores de ensino secundario, profesores técnicos de formación profesional, catedráticos e profesores de escolas oficiais de idiomas, profesores de música e artes escénicas, catedráticos, profesores e mestres de taller de artes plásticas e deseño e o persoal docente con destino definitivo que se relaciona na base segunda e terceira desta convocatoria.

Segunda. *Obrigatoriedade de participación.*

1. Estarán obrigados a participar neste concurso, na súa especialidade:

a) O persoal docente suprimido e o desprazado por falta de horario.

b) O persoal docente que teña concedida unha comisión de servizos por razóns de saúde, pola situación persoal do propio docente.

c) O persoal docente que teña concedida unha comisión de servizos por razóns de saúde, pola situación persoal dun familiar.

d) O persoal docente que teña que reincorporarse á comunidade autónoma procedente do estranxeiro.

e) O persoal docente que teña dereito a que se lle conceda unha comisión de servizos por concelleiro ou concelleira.

f) O persoal docente que teña concedida unha comisión de servizos por razón de conciliación familiar e laboral.

g) O persoal docente en situación de expectativa de destino que figura no anexo II da Resolución do 1 de abril de 2014 (DOG do 14 de abril), pola que se resolve definitivamente o concurso de traslados entre funcionarias e funcionarios docentes dos distintos corpos, que se ordenará pola maior antigüidade como funcionario de carreira no corpo, e dentro da mesma antigüidade pola maior antigüidade no acceso a funcionario de carreira e, se é o caso, polo número de orde obtida no concurso- oposición.

h) O profesorado que solicite o reingreso no servizo activo con efectividade do inicio do curso académico 2015-2016.

i) O persoal docente que superou o procedemento selectivo para ingreso e acceso no corpo de profesores de ensino secundario, convocado pola Orde do 17 de marzo de 2014 e que está pendente de realizar a fase de prácticas.

j) As opositoras e opositores que superen o procedemento selectivo para acceso ao corpo de inspectores de educación, convocado pola Orde do 11 de marzo de 2015, pola orde obtida no procedemento selectivo, en virtude das relacións publicadas pola Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria.

k) O profesorado interino, pola mesma orde que participou ou pola que tiña dereito a participar na elección de destino no último curso, sempre e cando non renunciase a unha interinidade ou substitución que lles fose ofertada, ou que, aínda tendo renunciado, se acollesen ao previsto no punto décimo cuarto da Resolución do 31 de xullo de 2013, da Dirección Xeral de Centros e Recursos Humanos, pola que se dá publicidade ao texto refundido do vinte de xuño de mil novecentos noventa e cinco, polo que se regulan o acceso e as condicións de traballo do persoal docente interino e substituto dependente da Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria.

l) O profesorado substituto, pola mesma orde que participou ou tiña dereito a participar na elección de destino no último curso, sempre e cando non renunciase a unha interinidade ou substitución que se lles ofertase ou que, aínda tendo renunciado, se acollesen ao previsto no punto décimo cuarto da Resolución do 31 de xullo de 2013, da Dirección Xeral de Centros e Recursos Humanos, pola que se dá publicidade ao texto refundido do vinte de xuño de mil novecentos noventa e cinco, polo que se regulan o acceso e as condicións de traballo do persoal docente interino e substituto dependente da Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria

O persoal docente que solicitase unha comisión de servizos por razón de conciliación familiar e laboral non poderá efectuar unha nova petición de prazas, utilizándose a súa instancia de comisión de servizos para a adxudicación de praza.

O persoal docente que solicitase unha comisión de servizos por razón de saúde e sexa profesor ou profesora en expectativa de destino, interino ou substituto deberá efectuar unha nova solicitude por esa condición. No suposto de non obter destino pola solicitude presentada para a comisión de servizos por razón de saúde, será obxecto de tratamento informático nesta orde a nova instancia, se é o caso, efectuada. De non efectualas esta última instancia, ao profesorado en expectativa de destino que non obtivo destino na solicitude de comisión de servizos adxudicaráselle destino de oficio.

2. O profesorado en expectativa de destino que estea en situación de servizos especiais ou de excedencia por coidado de fillo ou de familiar ou teña concedida unha licenza por estudos por todo o curso, deberá participar nesta convocatoria sen que a adxudicación de destino supoña un cambio na súa situación administrativa. As prazas que obteña o profesorado en situación de servizos especiais ou teña unha licenza por estudos volverán a adxudicarse no propio proceso de adxudicación.

3. O persoal funcionario interino que estea en situación de excedencia por coidado de fillo ou familiar deberá, asemade, participar nesta convocatoria sen que a adxudicación de destino supoña un cambio na súa situación. Se non obtivera destino decaerá na súa situación de excedencia por coidado de fillo ou familiar con efectividade do 31 de agosto de 2015.

Terceira. *Participación voluntaria para o persoal funcionario de carreira das escolas oficiais de idiomas, dos conservatorios de música e dos especialistas de música e de procesos de produción agraria do corpo de profesores de ensino secundario e dos especialistas de operacións de produción agraria do corpo de profesores técnicos de formación profesional.*

1. O persoal funcionario de carreira con destino definitivo nas escolas oficiais de idiomas ou nos conservatorios poderá, con carácter excepcional, solicitar prazas provisionais para o curso académico 2015-2016 das escolas oficiais de idiomas e as súas extensións ou dos conservatorios profesionais de música segundo corresponda.

A este profesorado adxudicaráselle praza inmediatamente antes do profesorado en expectativa de destino e, entre eles, a orde virá determinada sucesivamente pola maior antigüidade no corpo, maior antigüidade no centro e maior puntuación no procedemento selectivo.

2. O profesorado con destino definitivo do corpo de profesores de ensino secundario, da especialidade de música poderá, con carácter excepcional, solicitar prazas provisionais para o curso académico 2015-2016 dos conservatorios profesionais e superiores de música, sempre que estea en posesión de titulación concordante que para cada especialidade se relaciona no anexo....da presente orde. Para tal fin, deberán solicitar os códigos dos centros dos conservatorios, na orde da súa preferencia, indicando o código da especialidade correspondente ao corpo de profesores de música e artes escénicas e indicando na solicitude o título alegado. A este profesorado adxudicaráselle praza inmediatamente antes do profesorado en expectativa de destino e, entre eles, a orde virá determinada sucesivamente pola maior antigüidade no corpo, maior antigüidade no centro e maior puntuación no procedemento selectivo.

3. O profesorado con destino definitivo do corpo de profesores de ensino secundario, da especialidade de produción agraria, poderá solicitar prazas da súa especialidade.

4. O profesorado con destino definitivo do corpo de profesores técnicos de formación profesional, da especialidade de operacións de produción agraria, poderá solicitar prazas da súa especialidade.

Cuarta. Prazas que pode solicitar o profesorado do corpo de profesores de ensino secundario.

O profesorado de ensino secundario poderá solicitar as seguintes prazas, de acordo coas especificacións que se conteñen nesta base:

a) As correspondentes ás especialidades das cales sexan titulares, para os centros ou localidades ou prazas de substituto zonal que figuran no anexo I desta orde e para as especialidades de:

Código da especialidade:

001 Filosofía.

002 Grego.

003 Latín.

004 Lingua castelá e literatura.

005 Xeografía e historia.

006 Matemáticas.

007 Física e química.

008 Bioloxía e xeoloxía.

009 Debuxo.

010 Francés.

011 Inglés.

012 Alemán.

016 Música.

017 Educación física.

018 Orientación educativa.

019 Tecnoloxía.

053 Lingua e literatura galega.

061 Economía.

101 Administración de empresas.

102 Análise e química industrial.

103 Asesoría e procesos de imaxe persoal.

104 Construcións civís e edificación.

105 Formación e orientación laboral.

106 Hostalaría e turismo.

107 Informática.

108 Intervención sociocomunitaria.

109 Navegación e instalacións mariñas.

110 Organización e xestión comercial.

111 Organización e proc. de mantemento de vehículos.

112 Organización e proxectos de fabricación mecánica.

113 Organización e proxectos sistemas enerxéticos.

115 Procesos de produción agraria.

116 Procesos na industria alimentaria.

117 Procesos diagnósticos clínicos e produtos ortoprotésicos.

118 Procesos sanitarios.

119 Procesos e medios de comunicación.

120 Procesos e produtos de téxtil, confección e pel.

121 Procesos e produtos do vidro e cerámica.

122 Procesos e produtos en artes gráficas.

123 Procesos e produtos en madeira e moble.

124 Sistemas electrónicos.

125 Sistemas electrotécnicos e automáticos.

700 Profesor especialista.

701 Profesor especialista fútbol

702 Profesor especialista fútbol sala

803 Cultura clásica.

b) As prazas de substituto zonal unicamente poderán ser solicitadas polo profesorado en expectativa de destino.

c) O profesorado de ensino secundario, titulares das especialidades correspondentes, poderán solicitar as prazas das escolas oficiais de idiomas relacionadas no anexo II desta orde. Para tales efectos deberán incluír na súa petición os códigos destes centros mantendo o código da

especialidade do corpo de profesores de ensino secundario, aínda no suposto de que optasen por efectuar a súa solicitude por localidades.

d) O profesorado de ensino secundario, titular da especialidade de debuxo, poderá solicitar as prazas da especialidade de debuxo artístico das escolas de artes aplicadas e oficios artísticos relacionadas no anexo IV. Para tales efectos deberán incluír na súa petición os códigos destes centros mantendo o código da especialidade do corpo de profesores de ensino secundario.

e) O persoal funcionario de carreira, interino e substituto da especialidade de administración de empresas poderá pedir prazas indistintamente desta especialidade e de organización e xestión comercial.

f) O persoal funcionario de carreira do corpo de profesores de ensino secundario, da especialidade de música, poderá solicitar prazas dunha especialidade dos conservatorios de música, sempre que estea en posesión da titulación concordante que para cada especialidade se relacionan no anexo V desta orde e o aleguen na instancia. A tal fin, deberán solicitar os códigos de centro dos conservatorios, na orde da súa preferencia, mantendo o código especialidade do corpo de profesores de ensino secundario.

g) O persoal funcionario de carreira titular de máis dunha especialidade, e o persoal interino e substituto do corpo de profesores de ensino secundario que figure en máis dunha lista poderá solicitar praza por todas as especialidades que posúe efectuando unha solicitude para cada especialidade, sen prexuízo de que poidan renunciar á solicitude dalgunha especialidade durante o prazo de reclamacións á resolución provisional establecido na base trixésimo primeira desta resolución.

A adxudicación de destino provisional realizarase por orde de código das especialidades. No caso de adxudicarlle praza nunha especialidade retiraráselle a solicitude da outra ou das outras especialidades.

Quinta. Prazas que poden solicitar as funcionarias e os funcionarios do corpo de profesores técnicos de formación profesional.

O profesorado do corpo de profesores técnicos de formación profesional poderá solicitar as seguintes prazas, de acordo coas especificacións contidas nesta base, sen prexuízo do establecido para a especialidade de procesos comerciais neste punto.

a) Prazas correspondentes ás especialidades das cales sexan titulares, para os centros ou localidades que figuran no anexo I e para as especialidades de:

Código da especialidade:

030 Prácticas protésico dental.

033 Prácticas e actividades.

201 Cociña e pastelería.

202 Equipamentos electrónicos.

203 Estética.

204 Fabricación e instalación de carpintaría e moble.

205 Instalación e mantemento de equipos térmicos e de fluídos.

206 Instalacións electrotécnicas.

208 Laboratorio.

209 Mantemento de vehículos.

210 Máquinas, servizos e produción.

211 Mecanizado e mantemento de máquinas.

212 Oficina de proxectos de construción.

213 Oficina de proxectos de fabricación mecánica.

214 Operacións e equipos de elaboración de produtos alimentarios.

215 Operación de procesos.

216 Operacións de produción agraria.

217 Patronaxe e confección.

218 Perrucaría.

219 Procedementos de diagnóstico clínico e ortoprotésico.

220 Procedementos sanitarios e asistenciais.

221 Procesos comerciais.

222 Procesos de xestión administrativa.

223 Producción de artes gráficas.

225 Servizos á comunidade.

226 Servizos de restauración.

227 Sistemas e aplicacións informáticas.

228 Soldadura.

229 Técnicas e procedementos de imaxe e son.

700 Profesor especialista

701 Profesor especialista de baloncesto

240 Profesor especialista de linguaxe de signos.

250 Profesor especialista de audio prótese

b) O persoal funcionario de carreira, interino e substituto das especialidades que a seguir se citan poderán solicitar prazas das especialidades que se indican:

Especialidade: procesos comerciais.

Especialidades que se poden solicitar: procesos comerciais; procesos de xestión administrativa.


Especialidade: laboratorio.

Especialidades que se poden solicitar: laboratorio; operacións de proceso.

c) O persoal funcionario de carreira titular de máis dunha especialidade, e o persoal interino e substituto do corpo de profesores técnicos de formación profesional que figure en máis dunha lista poderá solicitar praza por todas as especialidades que posúe efectuando unha solicitude para cada especialidade, sen prexuízo de que poidan renunciar á solicitude dalgunha especialidade durante o prazo establecido na base trixésimo primeira desta orde.

A adxudicación de destino provisional realizarase por orde de código das especialidades. No caso de adxudicarlle praza nunha especialidade, retiraráselle a solicitude da outra ou das outras especialidades.

Sexta. Solicitude por localidades.



1. O profesorado de ensino secundario e o profesorado técnico de formación profesional que solicite localidades, entenderase que solicita todos os centros da localidade, incluídos no anexo I, pola orde en que se publican nesta orde, agás os centros de Defensa. Se se pide a localidade con afíns, entenderase que solicitan con prioridade todos os centros desta sen afíns e posteriormente con afíns. Se desexa solicitar centros

doutros anexos, deberá especificar a petición co código do centro mantendo o código da especialidade do seu corpo.

2. Enténdese que se realiza a mesma orde de petición ao solicitar itinerancias.

Se desexan pedir as localidades para impartir a materia nunha lingua estranxeira nos centros plurilingües ou nas seccións bilingües, deberán repetir o código das localidades, especificando o idioma en que efectúan a solicitude.

Se desexa solicitar con prioridade as prazas bilingües sobre as afíns, efectuarase en primeiro lugar a petición de bilingüismo e posteriormente repetirase o código ou códigos da localidade poñendo un X no cadro de afíns.

Os profesores de ensino secundario e profesores técnicos de formación profesional que soliciten centros específicos de adultos, entenderase que piden, se é o caso, ámbitos de coñecemento, e adxudicarase a praza na especialidade que figure en primeiro lugar.

2. O profesorado interino ou substituto que non desexe obter destino en calquera centro dunha provincia non deberá poñer na solicitude o código da provincia limitándose a efectuar as peticións centro a centro ou por localidades.

Sétima. Prazas que pode solicitar o persoal funcionario do corpo de profesores de escolas oficiais de idiomas.

O profesorado de escolas oficiais de idiomas, de acordo coas especialidades de que sexan titulares, poderá solicitar as prazas dos centros que aparecen no anexo II e para as especialidades de:

Código da especialidade:

001 Alemán.

002 Árabe.

004 Chinés.

006 Español.

008 Francés.

009 Galego.

011 Inglés.

012 Italiano.

013 Xaponés.

015 Portugués.

017 Ruso.

Oitava. Prazas que pode solicitar o persoal funcionario do corpo de profesores de música e artes escénicas.

O profesorado de música e artes escénicas, de acordo coas especialidades das cales sexan titulares, poderá solicitar as prazas dos centros que aparecen no anexo III e para as especialidades de:

Código da especialidade:

401 Acordeón.

402 Arpa.

403 Canto.

404 Clarinete.

405 Clave.

406 Contrabaixo.

407 Coro.

408 Fagot.

409 Flabiol i tambori.

410 Fruta travesa.

411 Fruta de bico.

412 Fundamentos de composición.

413 Gaita

414 Guitarra.

415 Guitarra flamenca.

416 Historia da música.

417 Instrumentos de corda pulsada do renacemento e do barroco.

418 Instrumentos de púa.

419 Óboe.

420 Órgano.

421 Orquestra.

422 Percusión.

423 Piano.

424 Saxofón.

425 Tenora i tible.

426 Trombón.

427 Trompa.

428 Trompeta.

429 Tuba.

431 Viola.

432 Viola da gamba.

433 Violín.

434 Violoncello.

435 Danza española.

436 Danza clásica.

437 Danza contemporánea.

438 Flamenco.

439 Historia da danza.

440 Acrobacia.

441 Canto aplicado á arte dramática.

442 Caracterización e indumentaria.

443 Danza aplicada á arte dramática.

444 Dicción e expresión oral.

445 Dirección escénica.

446 Dramaturxia.

447 Esgrima.

448 Espazo escénico.

449 Expresión corporal.

450 Iluminación.

451 Interpretación.

452 Interpretación con obxectos.

453 Interpretación no musical.

454 Interpretación no teatro do xesto.

455 Literatura dramática.

456 Técnicas escénicas.

457 Técnicas gráficas.

458 Teoría e historia da arte.

459 Teoría teatral.

460 Linguaxe musical.

471 Instrumentos de vento de Jazz - saxofón

472 Instrumentos de vento de Jazz - trompeta

473 Instrumentos de vento de Jazz - trombón

474 Batería de Jazz

475 Teclados/piano Jazz

476 Contrabaixo de Jazz

477 Jazz guitarra

478 Linguaxe musical- arte dramático

Para a adxudicación de determinadas prazas en que se vai impartir o grao superior das ensinanzas de música , esixírase estar en posesión do título superior de música ou equivalente do instrumento correspondente, segundo o anexo V da presente orde. Para estes efectos, os solicitantes xuntarán á petición copia do título correspondente, cando este non conste no seu expediente persoal.

Novena. *Prazas que poden solicitar os funcionarios e funcionarias do corpo de catedráticos e de profesores de artes plásticas e deseño.*

As profesoras e profesores de artes plásticas e deseño, de acordo coas especialidades das cales sexan titulares, poderán solicitar as prazas dos centros que aparecen no anexo IV e para as seguintes especialidades:

Código da especialidade:

040 Xemoloxía.

502 Conservación e restauración de materiais arqueolóxicos.

503 Conservación e restauración de materiais escultóricos.

504 Conservación e restauración de obras pictóricas

507 Debuxo artístico e cor.

508 Debuxo técnico.

509 Deseño interiores.

510 Deseño de moda

512 Deseño gráfico.

515 Fotografía.

516 Historia da arte.

517 Xoiaría e ourivaría.

518 Materiais e tecnoloxía: cerámica e vidro.

520 Materiais e tecnoloxía: deseño.

521 Medios audiovisuais.

522 Medios informáticos.

523 Organización industrial e lexislación.

525 Volume.

526 Historia coa especialidade de arqueoloxía.

As prazas de organización industrial e lexislación adxudicaranse como prazas de formación e orientación laboral do corpo de profesores de ensino secundario.

Décima. Prazas que poden solicitar as funcionarias e funcionarios do corpo de mestres de taller de artes plásticas e deseño.

As mestras e mestres de taller de artes plásticas e deseño, de acordo coas especialidades das cales sexan titulares, poderán solicitar as prazas dos centros que aparecen no anexo IV e para as seguintes especialidades:

Código da especialidade:

067 Taller do moble

603 Complementos e accesorios.

604 Dourado e policromía.

607 Esmaltes.

608 Fotografía e procesos de reprodución.

610 Moldes e reproducións.

612 Talla en pedra e madeira.

613 Técnicas cerámicas.

614 Técnicas de gravado e estampación.

615 Técnicas de xoiaría e bixutería.

616 Técnicas de ourivaría e prataría.

617 Técnicas de patronaxe e confección.

618 Técnicas de metal.

Décimo primeira *Solicitud de disciplinas afíns, de prazas bilingües e de centros compartidos.*

1. O persoal participante deberá manifestar na instancia de solicitude aquelas disciplinas afíns con que desexa completar, se é o caso, horario, do mesmo ou distinto corpo.

2. De existir nun centro máis dunha vacante da mesma especialidade, unha delas cun horario completo e outra para completar con materias afíns, adxudicarase en primeiro lugar a praza ou prazas que teñan horario completo da especialidade pola cal se participa e en segundo lugar a praza con materias afíns.

3. O profesorado poderá solicitar un mesmo centro ou localidade con horario completo da súa especialidade e con materias afíns, con itinerancia, ou praza bilingüe na orde que coide conveniente. Para estes efectos deberanse repetir os códigos dos centros en que se dea a circunstancia, poñendo unha cruz (x) no recadro da dereita da solicitude (AF) que fai referencia a materias afíns e (IT) que fai referencia á itinerancia. Cando se pretende solicitar un centro primeiro sen materias afíns e inmediatamente despois con materias afíns, e despois con itinerancia, terán que transcribir o código do centro unha soa vez, poñendo unha cruz (x) nos cadros da dereita da solicitude. Na adxudicación terá prioridade a petición de centro ou localidade sobre a orde das materias afíns. Cando se pretende solicitar un centro con bilingüismo deberá repetirse o código de centro coa prioridade que se desexe.

4. Para solicitar praza bilingüe esíxese que na base de datos persoais estea acreditado que o profesorado dispón do nivel B2 do marco común europeo de referencia para as linguas(MCERL) na lingua correspondente conforme o establecido na anexo da Orde do 18 de febreiro de 2011 pola que se establece o procedemento de acreditación de competencias en idiomas do profesorado para impartir nunha lingua estranxeira áreas, materias ou módulos non lingüísticos nos centros docentes públicos dependentes da Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria.

Décimo segunda. *Desprazadas e desprazados por falta de horario.*

1.a) Estará obrigado a participar neste concurso, pola especialidade da que sexan titulares e a prazas da súa localidade, o persoal funcionario de carreira do corpo de profesores de ensino secundario e profesores técnicos de formación profesional que, tendo destino definitivo, deba ser desprazado por falta de horario no seu centro de destino, no curso académico 2015-2016.

1.b) Aos que, estando obrigados, non participen neste concurso, a Dirección Xeral de Centros e Recursos Humanos adxudicaralles de oficio destino provisional para o curso académico 2015-2016 nun centro da localidade en que está destinado definitivamente.

1.c) Quedará exento de participar obrigatoriamente polo punto 1.a) e 1.b) o profesorado que participe polo punto 2.a) desta base.

2.a) Poderán participar voluntariamente neste concurso, nas especialidades das cales sexa titular, e a prazas da localidade ou localidades que elixan, o persoal funcionario de carreira do corpo de profesores de ensino secundario e profesores técnicos de formación profesional que, tendo destino definitivo, deba ser desprazado por falta de horario no seu centro de destino, no curso académico 2015-2016.

2.b) Este profesorado poderá indicar se está disposto a completar horario con materias afíns.

3. A inspección educativa comunicará aos institutos de educación secundaria e aos centros públicos integrados, os centros integrados de formación profesional e á Subdirección Xeral de

Recursos Humanos, con anterioridade ao 25 de xuño de 2015, o número de profesores, indicando a especialidade de que son titulares, que non van ter horario no próximo curso académico.

4. Considérase que un profesor ou profesora non ten horario no seu centro cando non dispoña de ningunha hora da súa especialidade. Asemade, considérase desprazado por falta de horario o profesorado que dispoña de menos de cinco sesións lectivas da súa especialidade e que estas poidan ser asumidas por profesorado doutro departamento.

5. Con carácter previo ao procedemento de elección de horarios previsto no punto 88 e seguintes da Orde do 1 de agosto de 1997 (DOG do 2 de setembro), e 109 e seguintes da Orde do 3 de outubro de 2000 (DOG do 2 de novembro), segundo a redacción dada pola Orde do 28 de xuño de 2010, a xefatura de estudos determinará o número de profesores pertencentes a cada departamento que poderá elixir horario.

Este número virá determinado polo cociente que resulte de dividir o número total de horas asignado ao departamento entre 20, e será de aplicación para os restos o establecido no punto terceiro desta orde, e todo iso sen prexuízo de aplicación do establecido na Orde do 23 de xuño de 2011, modificada pola Orde do 4 de xuño de 2012, pola que se regula a xornada de traballo do persoal funcionario e laboral docentes que imparten as ensinanzas reguladas na Lei orgánica 2/2006, do 3 de maio, de educación.

6. O profesorado que sexa titular de máis dunha especialidade deberá pedir praza por todas elas.

7. Na adxudicación do profesorado desprazado por falta de horario terán dereito preferente os desprazados de localidade, e desempatará a maior antigüidade no corpo, a maior antigüidade no centro e a maior puntuación no proceso selectivo, sucesivamente.

Décimo terceira. *Orde de adxudicación das prazas.*

1. A orde de adxudicación dos destinos provisionais será por colectivos preferentes, conforme o previsto na base segunda, sen prexuízo dos dereitos preferentes a centro e localidade regulados nesta orde.

2.- Na orde de adxudicación de prazas ao persoal suprimido ou desprazado por falta de horario terán prioridade o persoal que a súa vez teña concedida unha comisión de servizos por razóns de saúde ou unha comisión de servizos por razón de conciliación da vida familiar e laboral. Asemade, dentro de cada grupo aplicáranse os criterios dos puntos 3 e 4 seguintes.

3. Na adxudicación das prazas de comisión de servizos por razóns de saúde, dentro de cada grupo, os criterios de prioridade veñen determinados pola maior antigüidade no corpo, a maior antigüidade no centro, ano de oposición e a maior puntuación no proceso selectivo, sucesivamente. A adxudicación de praza de comisión de servizos a persoal procedente de fóra da Comunidade Autónoma de Galicia estará condicionada a que obteña praza todo o profesorado dependente da Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria relacionado no punto segundo desta orde desde os parámetros a) ata o h), ambos incluídos.

Enténdese que o persoal docente interino ten dereito á adxudicación de praza por concesión de comisión de servizos por razóns de saúde, por ser concelleiro ou concelleira, cando o seu número de orde de lista na especialidade correspondente sexa igual ou inferior ao número de prazas que desa especialidade se van adxudicar a persoal docente interino.

4. Na adxudicación de prazas en comisión de servizos por razón de conciliación da vida familiar e laboral a prioridade virá determinada polo número de fillos menores de 12 anos e, no caso do mesmo número de fillos, pola antigüidade como funcionaria ou funcionario de carreira no corpo, e antigüidade no centro e puntuación na oposición, sucesivamente.

Cando a un profesor ou profesora ao cal se lle concedeu unha comisión de servizos non lle corresponda ningunha das prazas solicitadas, participará na adxudicación de destinos pola orde que lle corresponda dentro do seu colectivo, agás na comisión de servizos por conciliación da vida familiar e laboral que, de conformidade co previsto na base segunda desta convocatoria, participarán cunha única instancia.

Décimo cuarta. *Dereito preferente a centro.*

Terán dereito preferente a centro:

a) O persoal docente suprimido e desprazado por falta de horario.

b) As concelleiras e concelleiros ao centro en que prestaban servizos no momento en que resultaron elixidas ou elixidos.

Décimo quinta. *Dereito preferente á localidade.*

Terán dereito preferente a localidade:

a) O profesorado suprimido e desprazado por falta de horario, ás prazas da localidade en que teñen destino definitivo.

b) O profesorado procedente do estranxeiro, ás prazas da localidade en que estaban destinados no momento de obterem praza no estranxeiro.

c) As concelleiras e concelleiros ás prazas da localidade en que estaban destinados/as no momento que resultaron electos/as, sempre que non poidan facer efectivo o dereito preferente a centro.

Décimo sexta. Adxudicación de vacantes bilingües e itinerantes.

As vacantes bilingües e as itinerantes, completando horario noutro centro ou centros, só se adxudicarán a aquelas electoras e electores que o soliciten explicitamente. Estas vacantes non serán adxudicadas de oficio.

O persoal docente interino e substituto que pida provincia enténdese que solicita prazas con itinerancia e afíns, agás que expresamente explicita o contrario na instancia.

Décimo sétima. Adxudicación de vacantes con afíns.

As vacantes con afíns adxudicaranse só a aquelas electoras e electores que soliciten explicitamente vacantes deste tipo agás nas quendas de oficio, en que poden ser adxudicadas a

calquera elector aínda sen colocar. Exceptúanse do anterior aquelas vacantes que teñan como materia afín algún idioma moderno.

Décimo oitava. *Adxudicación de oficio.*

Adxudicarase de oficio a todas e todos os participantes que non acaden destino de entre os solicitados, a todos aqueles que, tendo a obriga de participar neste concurso non o fixesen, agás ao profesorado interino e substituto, o profesorado que solicita comisión de servizos e deixa resulta e o profesorado que solicita o reingreso ao servizo activo.

A adxudicación de oficio será realizada pola orde en que figura a profesora ou profesor, dentro do seu colectivo, a primeira vacante libre, pola orde en que os centros figuran no anexo que proceda desta orde, incluído, se é o caso, o centro con afíns. Poderase adxudicar de oficio unha praza con materias afíns non solicitadas pola persoa afectada.

Ao profesorado en expectativa de destino adxudicáraselle destino de oficio, mesmo noutra especialidade de que non sexa titular, de non existir vacante na súa. Esta adxudicación realizarase preferentemente en especialidades solicitadas como afíns en que queden vacantes unha vez adxudicado destino a todo o profesorado en expectativa. A orde de adxudicación virá determinada polo ano e oposición, e dentro do mesmo ano pola puntuación obtida no procedemento selectivo.

Non serán adxudicadas de oficio as prazas dos centros de Defensa e as prazas itinerantes. As prazas de substituto de zona adxudicaranse de oficio unicamente cando non sexa posible a adxudicación doutra praza da especialidade.

Décimo novena. *Non adxudicación de oficio ao profesorado interino e substituto.*

1. As profesoras e profesores interinos e substitutos que soliciten prazas da súa especialidade completando ou sen completar horario con outra materia, de non corresponderlles ningunha destas prazas, pasarán a formar parte da listaxe para posibles novas necesidades de interinidades ou substitucións.

2. O profesorado interino e substituto que non obteña praza nesta adxudicación poderá acollerse a prestar servizos como interino ou substituto nunha ou varias provincias, a través da aplicación informática que xestiona a cobertura de substitucións no prazo do 12 de setembro ata o 21 de setembro de 2015, ambos incluídos. A solicitude terá efectos durante todo o curso académico. O que non efectúe petición enténdese que opta por prestar servizos en todas as provincias da comunidade autónoma.

Vixésima. *Adxudicación de prazas das escolas oficiais de idiomas.*

As prazas das escolas oficiais de idiomas que queden vacantes, unha vez resolto o concurso entre o persoal funcionario en expectativa de destino e, se é o caso, interinos e substitutos do corpo correspondente, seranlle adxudicadas ao profesorado de ensino secundario da respectiva especialidade que as solicitasen.

Ao profesorado interino de secundaria que obteña praza nunha escola oficial de idiomas expediráselle nomeamento de interino do corpo de profesores de escolas oficiais de idiomas.

Vixésimo primeira. Adxudicación de prazas dos conservatorios de música ao profesorado da especialidade de música do corpo de profesores de ensino secundario.

Adxudicadas as prazas provisionais ao persoal funcionario de carreira do corpo de profesores de música e artes escénicas, poderán adxudicarse as prazas que continúen vacantes ao profesorado de ensino secundario, da especialidade de música, que reúnan o requisito específico de titulación, nun número máximo igual ao de persoal docente do corpo de profesores de ensino secundario, da especialidade de música, que en virtude do número de vacantes non poida obter praza nun instituto de educación secundaria ou nun centro público integrado.

Vixésimo segunda. Adxudicación de prazas da especialidade de debuxo artístico nas escolas de artes plásticas e deseño ao profesorado da especialidade de debuxo do corpo de profesores de ensino secundario.

Adxudicadas as prazas provisionais ao persoal funcionario de carreira do corpo de profesores de artes plásticas e deseño da especialidade de debuxo artístico, poderán adxudicarse as prazas que continúen vacantes ao profesorado de ensino secundario, da especialidade de debuxo, nun número máximo igual ao de persoal docente do corpo de profesores de ensino secundario, da especialidade de debuxo, que en virtude do número de vacantes non poida obter praza nun instituto de educación secundaria ou nun centro público integrado.

Vixésimo terceira. *Prazas a tempo parcial.*

Excepcionalmente, cando non se poida completar o horario da xornada de traballo con horas doutra especialidade no centro ou completar o horario noutro CPI ou IES, a Consellería de Cultura,

Educación e Ordenación Universitaria poderá ofertar prazas de interinidades a tempo parcial, que en ningún caso será inferior a media xornada. Esta disposición resultará de aplicación tamén nas substitucións de reducións de xornada.

Estas prazas ofertaranse despois de realizada a adxudicación definitiva, sen que sexa preceptiva a súa aceptación.

Vixésimo cuarta. *Prazo para cubrir a instancia na web.*

1. Para todo o profesorado desprazado e en expectativa de destino, profesorado en prácticas e pendente de nomeamento de funcionario de carreira, concelleiros, procedentes do estranxeiro, peticionarios de reingreso, interinas, interinos, substitutas e substitutos o prazo será de vinte días naturais contados a partir da publicación desta orde no *Diario Oficial de Galicia*.

2. As solicitudes efectuaranse a través da páxina web da Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria www.edu.xunta.es/cadp

Vixésimo quinta. *Profesorado que non ten que cubrir nova instancia na web.*

1. Non terán que formalizar nova solicitude, agás que desexen efectuar unha nova ou modificar a realizada para a convocatoria do curso académico anterior:

a) O profesorado que estaba desprazado por falta de horario no curso 2014-2015 e continúe como desprazado no curso académico 2015-2016.

b) O profesorado que continúa en expectativa de destino.

c) O profesorado interino e substituto que participou no proceso de adxudicación de destinos do curso 2014-2015, na especialidade ou especialidades polas que xa participou.

2. Non poderá participar neste concurso o profesorado que teña concedida unha comisión de servizos, agás nos supostos recollidos na base segunda desta convocatoria.

Vixésimo sexta. Validez da solicitude para os cursos vindeiros.

A solicitude formulada servirá para os cursos vindeiros sen que se teña que facer nova petición. O profesorado que desexe efectuar algunha modificación da súa petición inicial realizarao a través do servizo web://<http://www.edu.xunta.es/cadp>, na forma que se determine.

Vixésimo sétima. Aprobados noutras comunidades autónomas.

O profesorado que supere os procedementos selectivos convocados noutra comunidade autónoma comunicarllo á Dirección Xeral de Centros e Recursos Humanos para os efectos da súa exclusión na adxudicación da praza con anterioridade ao 25 de xullo de 2015.

Vixésimo oitava. Relacións de persoal.

1. Con anterioridade ao día 7 de xullo de 2015, a Dirección Xeral de Centros e Recursos Humanos procederá a publicar as relacións de persoal, por especialidades e orde de adxudicación de prazas na páxina web da consellería (www.edu.xunta.es).

2. Publicadas as relacións de persoal, ábrese un prazo de cinco días naturais para presentar reclamacións.

Vixésimo novena. *Resolución provisional.*

1. Resultas as reclamacións previstas na base anterior, a Dirección Xeral de Centros e Recursos Humanos procederá á adxudicación das prazas e a facer pública a resolución provisional do concurso na páxina web www.edu.xunta.es o día 31 de xullo de 2015.

2. Ademais das vacantes publicadas, adxudicaranse as resultas, se é o caso, que se produzan como consecuencia da adxudicación de destinos polas comisións de servizos por motivos de saúde, conciliación familiar e concelleiros. Consecuentemente, os centros e as xefaturas territoriais non solicitarán as prazas destas comisións de servizos. Si deben solicitarse as prazas do persoal que estea en servizos especiais, permiso sindical a tempo total e en comisión de servizos distintas das anteriormente citadas, como poden ser por exercer a dirección dun centro educativo, asesor nos centros de formación ou na Consellería, en centros do estranxeiro, en centro de fora da Comunidade Autónoma de Galicia, en prazas de Convenio, e outras.

Trixésima. Reclamacións e renuncias á resolución provisional.

1.- O persoal concursante poderá presentar reclamacións e renuncias á resolución provisoria ata o día 3 de setembro de 2015, este incluído, perante a Dirección Xeral de Centros e Recursos Humanos. Ademais de pola vía ordinaria, a reclamación deberá remitirse por fax ao número 981545484 ou por correo electrónico á dirección persoal.secundaria@edu.xunta.es

2. O persoal interino e substituto que solicite praza por pertencer a dúas ou máis listas poderá renunciar na resolución provisional a participar nalgunha delas e, de non facelo, se lle adxudicará destino na especialidade que lle corresponda tendo en conta que se adxudica por orde de código das especialidades. No caso de adxudicarlle praza nunha especialidade, retiraráselle a solicitude da outra ou das outras especialidades.

3. O persoal interino e substituto que estea nunha situación das que se relacionan a continuación, poderá renunciar á resolución provisional, sen perder o número de orde na lista correspondente e sen que se admitan renuncias parciais:

- Atender o coidado dunha/dun filla/fillo menor de seis anos, tanto cando o sexa por natureza como por adopción ou acollemento permanente ou preadoptivo.
- Para atender o coidado dun familiar que teña ao seu cargo, ata o segundo grao de consanguinidade ou afinidade, que, por razóns de idade, accidente ou enfermidade, non poida valerse por si mesmo e non desempeñe actividade retribuída.
- Por enfermidade grave.
- Por ter concedida unha bolsa de estudos.
- Por ampliación de estudos. Enténdese que hai ampliación de estudos cando se realiza o doutoramento ou estudos para obter un título superior ou unha diplomatura distinta da que se posúe, un máster así como a formación no estranxeiro nas linguas ou nas ensinanzas de réxime especial.
- Por ser vítima de violencia de xénero.
- Por calquera das circunstancias que permite aos funcionarios públicos a concesión dos servizos especiais.
- Por ter un contrato de traballo de carácter temporal ou prestar servizos, tamén con carácter temporal, noutro posto do sector público.

Esta renuncia deberá realizarse no prazo de reclamacións á resolución provisional, e aínda que non se obtivese destino nesta, pois iso non supón que non se poida obter na resolución definitiva. A renuncia na adxudicación provisional conleva que non se realizará chamamento para cubrir interinidades ou substitucións durante todo o curso académico agás no suposto de ter renunciado por ter un contrato de traballo de carácter temporal ou prestar servizos con carácter temporal noutro posto do sector público. Nestes casos poderán reincorporarse aos chamamentos á finalización do contrato ou da prestación de servizos.

. De non presentarse renuncia e serlle adxudicada praza definitiva, o persoal interesado non poderá acollerse a non prestar servizos mantendo o número de orde na lista correspondente, agás que esta petición se formule por unha situación sobrevida ao prazo indicado anteriormente e esa circunstancia se acredite de forma fidedigna. Ademais de pola vía ordinaria, a renuncia deberá remitirse por fax ao número 981 545484 ou por correo electrónico á dirección persoal.secundaria@edu.xunta.es

Sen prexuízo do anterior a Dirección Xeral de Centros e Recursos Humanos poderá dar de baixa a algunha persoa na relación de adxudicatarios de praza, se deixase de reunir os requisitos para manterse nela, de oficio ou por instancia da parte interesada, logo de audiencia da interesada ou interesado.

Trixésima primeira. Resolución definitiva.

Resultas as reclamacións previstas na base anterior, a Dirección Xeral de Centros e Recursos Humanos procederá á adxudicación das prazas e a facer pública a resolución definitiva do concurso na páxina web www.edu.xunta.es o día 10 de setembro de 2015. A resolución publicarase tamén no Diario Oficial de Galicia.

Trixésimo segunda. Toma de posesión.

O persoal funcionario de carreira, en prácticas e interino tomará posesión no centro educativo de destino e incorporarase con efectividade económica e administrativa da data fixada para o comezo de curso, agás no suposto de que o nomeamento ou toma de posesión se efectúe con posterioridade.

O centro educativo remitirá ao departamento territorial da Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria, no prazo das vinte e catro horas seguintes á data fixada para o inicio de curso, a toma de posesión, a declaración xurada de non estar incurso en actividade incompatible e os restantes documentos que teña establecidos o propio departamento territorial. Estes documentos estarán datados coa mesma fecha dos efectos económicos e administrativos da toma de posesión.

Nos supostos de especialidades das cales se imparte docencia en educación secundaria obrigatoria, bacharelato, formación profesional ou escolas oficiais de idiomas, non poderá haber interrupción de servizos nos profesores interinos deste curso que sexan nomeados interinos desde o inicio do curso 2015-2016.

Disposición adicional primeira. Orde de adxudicación dos corpos

A orde de adxudicación de corpos será o seguinte:

Mestres, profesores de relixión de primaria, profesores de escolas oficiais de idiomas, profesores de artes plásticas e deseño, mestres de taller de artes plásticas e deseño, profesores de música e artes escénicas, agás o profesorado interino, profesores de ensino secundario, profesores técnicos de formación profesional e profesorado de relixión de secundaria.

O profesorado interino do corpo de profesores de música e artes escénicas adxudicarase inmediatamente despois da adxudicación dos funcionarios de carreira da especialidade de música do corpo de profesores de ensino secundario.

Disposición adicional segunda.- Prazas de substituto de zona

As prazas de substitutos de zona abranguerán os centros educativos da localidade de referencia e nun radio de 40 Km.

Disposición adicional terceira.- Inspectores de Educación.

O persoal docente que supere o procedemento de acceso ao corpo de inspectores de educación convocado pola Orde do 11 de marzo de 2015 efectuará a solicitude de sector de inspección para realizar as prácticas no prazo de cinco días desde a publicación polo tribunal da relación de aprobados no modelo que lle será facilitado pola Dirección Xeral de Centros e Recursos Humanos. As sedes publícanse como anexo VI á presente orde.

Serán nomeados inspectores en prácticas con efectividade do 1 de setembro de 2015.

Santiago de Compostela, ... de xuño de 2015.

Román Rodríguez González

Conselleiro de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria

Insírase no DOG

ANEXO V

Materia	Titulación
Acordeón	-Título Superior de Acordeón (LOE-LOXSE). -Título de Profesor Superior, ou de Profesor, de Acordeón (Plan 1966). -Título Profesional de Acordeón (Plan de 1942).
Análise	-Título Superior de Composición (LOE-LOXSE). -Profesor Superior, ou de Profesor, de Harmonía, contrapunto, composición e instrumentación (Plan 1966).
Arpa	-Título Superior de Arpa (LOE-LOXSE). -Título de Profesor Superior, ou de Profesor, de Arpa (Plan 1966). -Título Profesional de Arpa (Plan de 1942).
Baixo eléctrico	-Título Superior de Jazz, instrumento principal: Baixo (LOE).
Canto	-Título Superior de Canto (LOE-LOXSE). -Título de Profesor Superior, ou de Profesor, de Canto (Plan 1966). -Título Profesional de Canto (Plan de 1942).
Clarinete	-Título Superior de Clarinete (LOE-LOXSE). -Título de Profesor Superior, ou de Profesor, de Clarinete (Plan 1966). -Título Profesional de Clarinete (Plan de 1942).
Clave	-Título Superior de Clave (LOE-LOXSE). -Título de Profesor Superior, ou de Profesor, de Clave (Plan 1966).

	-Título Profesional de Clave (Plan de 1942).
Contrabaixo	-Título Superior de Contrabaixo (LOE-LOXSE). -Título de Profesor Superior, ou de Profesor, de Contrabaixo (Plan 1966). -Título Profesional de Contrabaixo (Plan de 1942).
Fagot	-Título Superior de Fagot (LOE-LOXSE). -Título de Profesor Superior, ou de Profesor, de Fagot (Plan 1966). -Título Profesional de Fagot (Plan de 1942).
Frauta traveseira	-Título Superior de Frauta traveseira (LOE-LOXSE). -Título de Profesor Superior, ou de Profesor, de Frauta traveseira (Plan 1966). -Título Profesional de Frauta traveseira (Plan de 1942).
Frauta de bico	-Título Superior de Frauta de bico (LOE-LOXSE).
Gaita	-Título Superior de Instrumentos da Música Tradicional e Popular (LOE-LOXSE).
Guitarra	-Título Superior de Guitarra (LOE-LOXSE). -Título de Profesor Superior, ou de Profesor, de Guitarra (Plan 1966). -Título Profesional de Guitarra (Plan de 1942).
Guitarra eléctrica	-Título Superior de Jazz, instrumento principal: Guitarra (LOE).
Harmonía	-Título Superior de Composición (LOE-LOXSE). -Profesor Superior, ou de Profesor, de Harmonía, contrapunto, composición e instrumentación (Plan 1966).
Historia da Música	-Título Superior de Musicoloxía (LOE-LOXSE). -Profesor Superior de Musicoloxía (Plan 1966).
Linguaxe musical	-Título Superior de Pedagogía Musical (LOE-LOXSE). -Profesor Superior, ou de Profesor, de Solfeo, Teoría da Música, Transposición e Acompañamento (Plan 1966).

Óboe	<p>-Título Superior de Óboe (LOE-LOXSE).</p> <p>-Título de Profesor Superior, ou de Profesor, de Óboe (Plan 1966).</p> <p>-Título Profesional de Óboe (Plan de 1942).</p>
Percusión	<p>-Título Superior de Percusión (LOE-LOXSE).</p> <p>-Título de Profesor Superior, ou de Profesor, de Percusión (Plan 1966).</p> <p>-Título Profesional de Percusión (Plan de 1942).</p>
Piano	<p>-Título Superior de Piano (LOE-LOXSE).</p> <p>-Título de Profesor Superior, ou de Profesor, de Piano (Plan 1966).</p> <p>-Título Profesional de Piano (Plan de 1942).</p>
Saxofón	<p>-Título Superior de Saxofón (LOE-LOXSE).</p> <p>-Título de Profesor Superior, ou de Profesor, de Saxofón (Plan 1966).</p> <p>-Título Profesional de Saxofón (Plan de 1942).</p>
Trombón	<p>-Título Superior de Trombón (LOE-LOXSE).</p> <p>-Título de Profesor Superior, ou de Profesor, de Trombón (Plan 1966).</p> <p>-Título Profesional de Trombón (Plan de 1942).</p>
Trompa	<p>-Título Superior de Trompa (LOE-LOXSE).</p> <p>-Título de Profesor Superior, ou de Profesor, de Trompa (Plan 1966).</p> <p>-Título Profesional de Trompa (Plan de 1942).</p>
Trompeta	<p>-Título Superior de Trompeta (LOE-LOXSE).</p> <p>-Título de Profesor Superior, ou de Profesor, de Trompeta (Plan 1966).</p> <p>-Título Profesional de Trompeta (Plan de 1942)</p>
Tuba	<p>-Título Superior de Tuba (LOE-LOXSE).</p>

	-Título de Profesor Superior, ou de Profesor, de Tuba (Plan 1966). -Título Profesional de Tuba (Plan de 1942).
Viola	-Título Superior de Viola (LOE-LOXSE). -Título de Profesor Superior, ou de Profesor, de Viola (Plan 1966). -Título Profesional de Viola (Plan de 1942).
Violín	-Título Superior de Violín (LOE-LOXSE). -Título de Profesor Superior, ou de Profesor, de Violín (Plan 1966). -Título Profesional de Violín (Plan de 1942).
Violoncello	-Título Superior de Violoncello (LOE-LOXSE). -Título de Profesor Superior, ou de Profesor, de Violoncello (Plan 1966). -Título Profesional de Violoncello (Plan de 1942).

De conformidade co establecido no Real decreto 900/2010, do 9 de xullo, o título de Profesor, expedido ao abeiro do Decreto 2618/1966, do 10 de setembro, está declarado equivalente, unicamente para os efectos da impartición das ensinanzas elementais e profesionais de música, é dicir, nos conservatorios profesionais.

Anexo VI

Cód. centro	Cód. localidade	Nome	Localidade	Concello
15990026	150300001	Sede da Coruña	Coruña, A	Coruña, A
15990027	150360001	Sede de Ferrol	Ferrol	Ferrol

Cód. centro	Cód. localidade	Nome	Localidade	Concello
15990028	150780001	Sede de Santiago de Compostela	Santiago de Compostela	Santiago de Compostela
27990031	270282701	Sede de Lugo	Lugo	Lugo
32990034	320541201	Sede de Ourense	Ourense	Ourense
36990037	360381301	Sede de Pontevedra	Pontevedra	Pontevedra
36990038	360573101	Sede de Vigo	Vigo	Vigo

